

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2024/20	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	14 de xuño de 2024
Duración	Dende as 14:13 ata as 14:50 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Antonio Ferro Losada	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 07.06.2024	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 07 de xuño de 2024.

Expediente 926/2024. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social con data 4 de xuño, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar o custo do servizo de Xantar na Casa, o cal garante unha alimentación axeitada da unidade familiar.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago da regularización do servizo de Xantar na Casa correspondente o ano 2024.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Culinaria, Coesco-Deza S.L.U., e que se corresponde coa factura número A24/09882 por importe de 267,52€ con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 918/2024. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social con data 4 de xuño, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar o custo do servizo de Xantar na Casa, o cal garante unha alimentación axeitada da unidade familiar.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago da regularización do servizo de Xantar na Casa correspondente o ano 2024.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Culinaria, Coesco-Deza S.L.U., e que se corresponde coa factura número A24/09881 por importe de 267,52€ con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 13/2024. SUBVENCÍONS A ENTIDADES CULTURAIS 2024

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a acta da Comisión de Valoración das subvencións municipais a asociacións culturais do municipio de Silleda, da sesión celebrada en data 3 de xuño de 2024, formada por Mónica González Conde, Concelleira de Cultura, Turismo e Deporte; Andrés Seoane Pena, funcionario adscrito ao departamento de Cultura e David García Lareo, funcionario do Concello de Silleda

Vista a proposta de valoración e cantidades asignadas a cada un dos colectivos solicitantes segundo os criterios recollidos nas bases reguladoras da convocatoria, publicadas en data 14 de febreiro de 2024 (convocatoria do 2 de abril de 2024, BOP de Pontevedra número 64), e que se transcribe a continuación:

Nome asociación	Puntuación	Cantidade proposta
Coral Polif. Trasdeza*	23	3.083,03 €
Coto do Castelo	7	907,88 €
Xirandola*	20	3.764,24 €
Asoc. Feiral Semana Verde	8	1.037,58 €
Asoc. Sociocultural Cortegada	6	778,18 €
Festibandeira	7	907,88 €
O Cruceiro de Breixa	8	1.137,58 €
Asociación Cultural Festa dos Callos	5	648,48 €
Asoc. Mulleres de Dornelas	5	648,48 €
Unidade Pais Azuis do Deza	6	778,18 €
Coro Vales Mahía*	17	2.464,24 €
Amigos da Banda de Música de Silleda	9	1.167,27 €
Asoc. Vista Alegre	28	3.731,52 €
ANPA Musiquiños	10	1.296,97 €

Gaiteiros A Pereiriña	5	648,48 €
TOTAL		22.999,99 €

**Entidades culturais con necesidade de contar cun director de grupo de baile/coro ás que se lle engade a cantidade mensual correspondente establecida nas bases.*

Visto o informe de Intervención que obra no expediente

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA**:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión provisional das subvencións segundo as cantidades anteriormente indicadas aos colectivos e asociacións solicitantes, con cargo á partida orzamentaria 334.48 do orzamento municipal.

SEGUNDO: Comunicar aos colectivos e entidades beneficiarios a cantidade proposta concedendo un prazo de 10 días a partir de dita comunicación para formular, se fora o caso, reclamacións á cantidade proposta; así como informar que dispoñen ata o 30 de novembro para xustificar as axudas outorgadas.

TERCEIRO. Publicar o acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Silleda.

Expediente 14/2024. SUBVECIÓNS PARTICIPACIÓN SOCIAL E VECIÑAL 2024

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a acta da Comisión de Valoración das subvencións municipais a asociacións veciñais e/ou entidades de participación social do municipio de Silleda, da sesión celebrada en data 4 de xuño de 2024, formada por Mónica González Conde, Concelleira de Cultura, Turismo e Deportes; Andrés Seoane Pena, funcionario adscrito ao departamento de Cultura e David García Lareo, funcionario do Concello de Silleda

Vista a proposta de valoración e cantidades asignadas a cada un dos colectivos solicitantes segundo os criterios recollidos nas bases reguladoras da convocatoria, publicadas en data 14 de febreiro de 2024 (convocatoria do 2 de abril de 2024, BOP de Pontevedra número 64), e que segue de seguinte xeito:

Nome asociación	Puntuación	Cantidade proposta
AAVV Negreiros	7	421,59 €
A Costa de Abades	10	602,27 €
Copa do Castro	11	662,50 €
AAVV San Miguel de Lamela	14	943,18 €

Axóuxere de Fiestras	10	602,27 €
AAVV San Félix de Margaride	7	421,59 €
Vilar de Trasdeza	11	762,50 €
AVEMA Manduas	11	662,50 €
AAVV Santiago Apóstol de Taboada	9	642,05 €
AVECUCO Cortegada	14	843,18 €
AAVV San Miguel de Siador	5	301,14 €
Mulleres do Municipio de Silleda	11	662,50 €
Anpa Brincadeira	14	843,18 €
Anpa Raparigos	14	843,18 €
Mulleres Rurais Fervenza do Castelo	7	421,59 €
AAVV de Laro	6	461,36 €
AAVV de Parada	15	1.003,41 €
TOTAL		11.099,90 €

Visto o informe de Intervención sobre a valoración proposta da comisión que obra no expediente.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA**:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión provisional das subvencións segundo as cantidades anteriormente indicadas aos colectivos e asociacións solicitantes, con cargo á partida orzamentaria 334.48 do orzamento municipal.

SEGUNDO: Comunicar aos colectivos e entidades beneficiarios a cantidade proposta concedendo un prazo de 10 días a partir de dita comunicación para formular, se fora o caso, reclamacións á cantidade proposta; así como informar que dispoñen ata o 30 de novembro para xustificar as axudas outorgadas.

TERCEIRO. Publicar o acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Silleda.

Expediente 15/2024. SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS 2024

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a acta da Comisión de Valoración das subvencións municipais a entidades deportivas do municipio de Silleda, da sesión celebrada en data 3 de xuño de 2024, formada por Mónica González Conde, Concelleira de Cultura, Turismo e Deportes; Andrés Seoane Pena, funcionario adscrito ao departamento de Cultura, Turismo e Deporte e David García Lareo, funcionario do Concello de

Silleda.

Vista a proposta de valoración e cantidades asignadas a cada un dos clubs solicitantes segundo os criterios recollidos nas bases reguladoras da convocatoria, publicadas en data 14 de febreiro de 2024 (convocatoria do 2 de abril de 2024, BOP de Pontevedra número 67), e que se transcribe a continuación:

Nome asociación	Puntuación	Cantidade proposta
Escola de Fútbol de Silleda	95	5.296,10 €
Amigos Fútbol CAF	3	187,14 €
SD Silleda	55	3.430,90 €
SD Bandeira	99	6.175,62 €
SPD Deza Pádel	34	2.120,92 €
Sociedade Caza, Pesca e Tiro	47	2.931,86 €
Club Deportivo Ulla-Deza	16	998,08 €
Club Pesca Deportiva Río Deza	16	998,08 €
Club Petanca Bandeira	38	2.370,44 €
BTT Trasdeza	32	1.996,16 €
RG Bikes Scott Team	16	998,08 €
CF Lamela	55	3.430,90 €
CF Laro	55	3.430,90 €
	TOTAL	34.995,18 €

Visto o informe de Intervención sobre a valoración proposta da comisión que obra no expediente.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA**:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión provisional das subvencións segundo as cantidades anteriormente indicadas ás entidades solicitantes, con cargo á partida orzamentaria 341.48 do orzamento municipal.

SEGUNDO: Comunicar ás entidades beneficiarias a cantidade proposta concedendo un prazo de 10 días a partir de dita comunicación para formular, se fora o caso, reclamacións á cantidade proposta; así como informar que dispoñen ata o 30 de novembro para xustificar as axudas outorgadas.

TERCEIRO. Publicar o acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Silleda.

Expediente 1864/2022. AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO CONCELLO DE

SILLEDA**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a Acta da Comisión de valoración do programa de axudas municipais á creación de emprego no concello de Silleda, de data 21 de maio de 2024 que obra no expediente, onde se acorda propoñer o segundo pago da subvención por tela xustificada de acordo coa Base 4ª DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2023, ás seguintes persoas beneficiarias:

Sr. Juan Daniel Céspedes Mauro, propoñer a aprobación do segundo pago da subvención, 25% total, por importe de 600€

Sra. Nuria González Castro, propoñer a aprobación do segundo pago da subvención, 25% total, por importe de 600€

Sra. Noelia Álvarez Cutrín, propoñer propoñer a aprobación o segundo pago da subvención, 25% total, por importe de 375€

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o segundo pago da subvención ás seguintes persoas beneficiarias:

- Sr. Juan Daniel Céspedes Mauro, aprobación do segundo pago da subvención, 25% total, por importe de 600€

- Sra. Nuria González Castro, aprobación do segundo pago da subvención, 25% total, por importe de 600€

- Sra. Noelia Álvarez Cutrín, aprobación do segundo pago da subvención, 25% total, por importe de 375€

Expediente 1906/2023. Licenza ou Autorización Urbanística. Rehabilitación e ampliación de edificación para sala velorio.**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento**ANTECEDENTES:**

1º.-Consta no expediente **solicitude de licenza urbanística**; incoada por **POMPAS FUNEBRES EUROPEAS, SL**, para a Rehabilitación e ampliación de edificación para sala velorio, na Rúa Xeral, nº 31 – Bandeira - Silleda, aportando a seguinte documentación con nº de entrada no Rexistro de este concello 2023-E-RE-1432:

- Un modelo de representación de Don Manuel Sánchez Sánchez con DNI. ***099****, actuando como administrador y representante de la entidad POMPAS FUNEBRES S.L. o cal otorga sua representación a Carlos Berride Abalo, Arquitecto, colegiado nº 4510, con D.N.I. ***817****, firmado o 20 de novembro de 2023.
- Un tomo de Proxecto para “REHABILITACIÓN Y AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA SALA VELATORIO”, asinado polo arquitecto Carlos Berride Abalo, Arquitecto, colegiado nº 4510, visado 2305744,2 o 10 de novembro de 2023.
- Solicitud no rexistro electrónico da Xunta a Dirección Xera de Patrimonio Cultural para autorización por parte de esa Concellería.

2º.- Consta no expediente achega de documentos, resolución relativa a unha solicitude de intervención con afectación o camiño de Santiago (Exp. Núm.: SPR-2023-2021.AUI, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, con nº de entrada no Rexistro de este concello 2024-E-RC-1043.

VISTO -Certificado de conformidade de instalación, establecemento, actividade ou obra redactado por Enmacosa consultoría técnica, S.A., como Entidade de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio das funcións administrativas de verificación e control no ámbito urbanístico, acreditada por ENAC con acreditación nº70/EI543, de conformidade co Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, para a tramitación de comunicación previa, declaración responsable ou licenza da actividade referenciada. Onde se declara a conformidade, que literalmente di:

“Efectuada la comprobación formal de la comunicación previa, declaración responsable o solicitud de licencia presentada, se informa:

- De la adecuación de la misma a las normas generales, sectoriales, urbanísticas y técnicas que resultan de aplicación (se indican en el apartado anterior).

- El uso solicitado resulta admisible por la norma zonal o área de planeamiento en la que se ubica, sin perjuicio del cumplimiento del resto de la normativa de aplicación.

- Las obras solicitadas resultan admisibles por la norma zonal o Área de planeamiento en la que se ubica, sin perjuicio del cumplimiento del resto de normativa de aplicación.”

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a POMPAS FUNEBRES EUROPEAS, SL, para a Rehabilitación e ampliación de edificación para sala velorio, na Rúa Xeral, nº 31 – Bandeira - Silleda Concello de Silleda, Pontevedra (Referencia catastral 7111003NH5371S0001DT).

SEGUNDO.- O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de terminación de tres (3) anos, desde a data do outorgamento de licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis (6) meses, segundo establece o artigo 145 da L 2/2016, de 10 de febreiro, do

solo de Galicia. O Concello poderá conceder prórrogas dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

TERCEIRO.- A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal previo procedemento con audiencia ao interesado.

CUARTO.- As licenzas enténdense concedidas sen prexuízo de terceiro e salvo o dereito de propiedade.

QUINTO.- Será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

OITAVO.- Finalizadas as obras o interesado deberá solicitar a licenza de primeira utilización do edificio de conformidade eco disposto no artigo 355.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, debendo acompañarse da documentación que indica.

NOVENO.- Unha vez obtida a licenza de utilización deberase presentar comunicación previa de inicio de actividade de conformidade co establecido no artigo 364.2 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE